

INFORMACIÓN MESA SECTORIAL 22 DE NOVIEMBRE DE 2013

Nesta reunión abordáronse os seguintes temas.

1.- Convocatoria de OPE.

Na información que publicamos o venres xa informabamos da miseria de OPE que a Admón vai ofertar na convocatoria 2013. Como é sabido, estas 165 prazas que agora se convocan corresponden ao 10% do total das prazas vacantes xeradas desde novembro de 2011 até setembro de 2013, en total 1649 prazas vacantes, que non quer dicir que estean todas cubertas nin que se vaian cubrir.

Na oferta de emprego do ano 2012, o SERGAS convocou na OPE de FEAS 176 prazas que correspondían ao 10% das vacantes existentes até o ano 2011, un total de 1760.

Se sumamos o total das prazas vacantes (1760+ 1649= 3.409) o resultado que se produce é que o SERGAS ven de confirmar a denuncia que CIG-SAÚDE facía no ano 2011, cando denunciabamos que no SERGAS durante o período 2011- 2013 se ían producir máis de 3.000 prazas vacantes, que non ían ser cubertas amparándose na taxa de reposición; o que isto significa é unha perda progresiva de postos de traballo no sistema sanitario público.

Desde **CIG-SAÚDE** rexeitamos este atropelo ao sistema sanitario público, exiximos a anulación inmediata da taxa de reposición, dado que se a sanidade é un servizo esencial, non se poden seguir eliminando postos de traballo até facer inviábel a prestación de servizo.

Reprochamos á Admón que non teña desenvolvido o sistema de identificación de prazas, coa opacidade existente non podemos identificar en que centros se produciron as vacantes, en que categorías, e cales son as prazas que se cubriron e o vínculo realizado ao persoal contratado.

□□□□□□□□□□□□□□□□ **2.- Traslados.**

Entregaronnos a proposta de prazas a ofertar a traslados para as categorías de persoal licenciado sanitario, diplomado sanitario e sanitario de formación profesional .A Admón continúa a dicir que a convocatoria do persoal de Xestión e Servizos será, a poder ser, no 1º trimestre do ano 2014.

3.- Xestión Clínica e Participación das/os Traballadoras/es.

De inicio repetimos o debate xeral da xestión clínica. A Admón fixo unha oferta de compromiso de desenvolver na Mesa Sectorial toda aplicación normativa do decreto de X.C.

Presentaron unha acta de adscrición do persoal ás devanditas áreas, segundo a Admón nela recóllense maioritariamente as nosas achegas, pero están abertos a que sigamos enviado alegacións até pactar un texto definitivo. A Admón repite, insistentemente, que a modificación do Estatuto Marco non está pensada para Galiza, pero desde esta consellaría non poden impedir o que queira facer Madrid ou Valencia.

Na nosa intervención repetimos que a modificación do E.M non é inocente. Podemos non dubidar da súa boa intención de que mentres estea este equipo no SERGAS isto non se aplique, pero non podemos esquecer que a Admón pode mudar as persoas dos cargos directivos en calquera momento.

É verdade que na Galiza non ten por que mudar o decreto de X.C cando se publique o decreto estatal, nin sequera ten que porqué publicarse un decreto estatal. Como recolle o texto de acordo entre Rajoi e o foro médico, o goberno do Estado non vai publicar normas estatais para recortes xeneralizados, a reforma do artigo do Estatuto Marco e a vixencia da Lei 15/1997, de novas formulas de xestión, permite que cada CCAA desenvolva o modelo que queira, agora ou de futuro.

OUTROS TEMAS

.-Xornada celadoras/es PACS e Voluntariedade en Primaria. Quedaron en tratar estes temas nunha mesa sectorial que se convocará en breve.

.- Hospital do Barco. Neste centro, en base ao decreto de xestión integrada, a intención desta Admón é anular os niveis de atención primaria e especializada, deron a orde de que o persoal de admisión de urxencias hospitalarias e o/a celador/a de PACs, atendesen a todo o persoal que entrase pola porta; dá igual que vaian ao PAC ou a urxencias do hospital. Desde **CIG-SAÚDE**

solicitamos o respecto absoluto ao nivel de asistencia, a xestión integrada ao igual que a xestión clínica non pode servir para desregularizar as condicións laborais do persoal. A Admón quedou, coma sempre, en pedir informe ao centro. Temos que defender que non se traspase persoal de primaria a especializada e viceversa.

.- Consulta Telefónica en Atención Primaria. O director de asistencia sanitaria argumentou que esta medida víñase facendo con normalidade e que agora a estaban a darlle cobertura normativa. Informou que esta medida contaba coa aprobacións das/os profesionais, das sociedades científicas e dos colexios profesionais. Desde

CIG-SAÚDE

reprochamos que non se nos tivese informado ás organizacións sindicais, supoñemos que agora serán os colexios profesionais de médicas/os os que resolverán os posíbeis conflitos laborais; xa que a medida ademais de afectar ao persoal facultativo tamén afecta as/os PSX. Non sabemos cando esta Admón vai a entender que as medidas asistenciais sempre teñen unha repercusión laboral, estamos fartas de dicirlle que temos dereito a sermos informados destes temas.

.- Pacto de selección temporal de FEAS. Incorporarán o pacto de selección de FEAS na modificación do decreto 2006/2005, dita modificación será no próximo ano. Desde

CIG-SÁUDE

reprochamos que estean a seleccionar a este persoal cun baremo no que a entrevista ten 30 puntos, a ver que se atreve a portarse mal!